

ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓN DE NATACIÓN POLOS CLUBES E CAMPIONATOS GALEGOS.

Tempada 2013 - 2014. Circular 13-07.

ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓN DE NATACIÓN POLOS CLUBES.

Todas as competicións oficiais organizadas en Galicia estarán reguladas polas normativas correspondentes.

Os Clubes adscritos á Federación Galega de Natación, teñen o dereito a organizar polo menos unha competición de ámbito local (ligas benxamín, alevín e infantil) ao longo da tempada deportiva, para elo deberán poñer en coñecemento da Federación nos prazos establecidos, a súa dispoñibilidade de instalacións e organización. A coordinación de todas as competicións locais organizadas polos clubes corresponde á Federación que será a que en definitiva, decida datas e sedes coa colaboración dos clubes e atendendo ás posibilidades arbitrais.

Os clubes interesados na organización de Campionatos Galegos e competicións de ámbito zonal deberán remitir unha solicitude á Federación nos prazos establecidos regulamentariamente, e será a Xunta Directiva da FEDGAN quen decida as sedes, agás cando a normativa da competición indique outra cousa.

OBRIGAS DOS CLUBES ORGANIZADORES.

Calquera clube organizador dunha competición deberá:

1. Dispoñer da piscina polo menos unha hora e media antes do comezo da competición a menos que o regulamento específico indique outra cousa.
2. Confeccionar as series e os resultados da competición conforme á regulamentación establecida pola FEDGAN (utilizando o programa de competicións) ou aboar o importe correspondente a súa elaboración. En calquera caso deberá imprimir as series.
3. Enviar as series aos demais clubes participantes e á FEDGAN antes das 20:00 h do xoves anterior á competición, agás nos Campionatos Galegos. Estas series son para comprobación de inscricións e previsión de baixas. En ningún caso poderán facerse públicas, agás polo Clube organizador, quen deberá entregar os xogos de series establecidos por regulamento o día da competición a os clubes participantes, e facilitarllas ao público asistente, ben de xeito directo na propia competición ou a través da súa páxina web.
4. Dispor dunha copia das inscricións de todos os clubes participantes para pór a disposición do Xuíz Árbitro para posibles labores de control.
5. Designar un responsable da organización.
6. Dispor dun locutor.
7. Dispor de todo o persoal colaborador necesario en función da competición de que se trate. (En Campionatos Galegos responsables de entrega de documentación, fotocopias, entregas de medallas, etc. e en competicións con equipo de cronometraxe electrónico, persoal de axuda para armar e desarmar o mesmo).
8. Dispor do material seguinte:
 1. Cronómetros suficientes (6/8/10 en función do número de pistas, que poidan rexistrar tempos parciais e amais, dos cronómetros que poidan rexistrar múltiples tempos parciais para ser utilizados polo xefe de cronometradores e o cronometrador volante.
 2. Bolígrafos (en número suficiente para todos os membros do xurado).
 3. Caderno de notas ou fichas para rexistro de nadadores e tempos polos cronometradores.
 4. Campás e marcadores de longos cando sexan probas de 800 ou 1500 metros.
 5. Os xogos de series que sexan necesarios para o xurado principal e auxiliar da competición e para os equipos participantes.
 6. No seu caso, folios para a edición dos resultados na piscina.

10. Para Campionatos Galegos:
11. Dispor de fotocopiadora para os resultados .
12. Reservar un espazo en lugar preferente para a venda exclusiva de material deportivo polos patrocinadores da FEGAN.
13. O persoal necesario para a sinalización na cabeceira da piscina, como conta-voltas, nas probas de 800 e 1500 libre.

OBRIGAS DE TODOS OS CLUBES.

En todas as competicións, agás nos Campionatos Galegos, nas que se disputen as probas de 800 ou 1500, os clubes que inscriban nadadores nas mesmas deberán facilitar persoal (poden ser nadadores) para a sinalización na cabeceira da piscina, como conta-voltas, tantos como nadadores inscritos.

Os clubes participantes nas competicións deberán aboar á Federación as cotas que se indican a continuación:

Ligas de Idades	250€ por liga
Ligas de Idades – confección de resultados (opcional)	40€ por sesión
Control de Marcas	Reparto proporcional entre os clubes participantes en cada grupo
Copa de Clubes	350 €
Copa Alevín, Copa Benxamín e Festival de Promesas	60 €
Campionatos Galegos Alevín, Infantís, Absolutos-Júnior	30 € por club + 15 euros por nadador inscrito
Campionato Galego de Longa Distancia	30€ por club +15 € por nadador inscrito e reserva que participe
Campionatos Galegos de Natación Máster	30 € por club + 15 euros por nadador inscrito
Liga de Natación Máster	5 € por nadador inscrito en cada xornada
Festivais de Fondo e Estilos Máster	8 € por nadador inscrito en cada xornada

En estas competicións, a Federación farase cargo do pagamento dos gastos derivados das arbitraxes, persoal federativo, trofeos e medallas que fosen necesarios, así como a confección de resultados agás na copa de clubes, copas alevín e benxamín e festival de promesas, que, a confección de series e resultados será a cargo dos clubes organizadores. Calquera outro gasto será por conta do club organizador.

As cotas deberán ser aboadas no momento en que se realiza a inscrición.

COMPETICIÓNIS LOCAIS/COMARCAIS NON INCLUÍDAS NO CALENDARIO OFICIAL (TOMAS DE TEMPOS).

Os clubes poderán solicitar a organización de tomas de tempos, para elo deberán dirixir a solicitude realizada no impreso destinado ao efecto á Federación (ver **ANEXO I**) antes dos 20 días previos á celebración da mesma. A Federación comunicará a resposta ao clube organizador nun prazo de 5 días, avisando tamén en caso afirmativo ao Comité de Árbitros para que realice a convocatoria correspondente.

No impreso de solicitude deberá figurar a duración aproximada da competición que en ningún caso deberá superar as dúas horas e media. En caso de duración superior imporase una multa de 150 euros. (Regulamento Xeral – Libro III, Art 7.I.1 c e Art. 9.III c).

En canto se dispoña das series da competición estas deberán ser remitidas á FEGAN.

O clube organizador correrá con todos os gastos da organización, aboando os dereitos de arbitraje directamente o día da competición.

TROFEOS PROPIOS DOS CLUBES.

A entidade organizadora do Trofeo dirixirá a solicitude á FEGAN para a inclusión do mesmo no calendario oficial polo menos 20 días antes da súa celebración. A FEGAN comunicará a resposta ao clube organizador nun prazo de 5 días, avisando tamén en caso afirmativo ao Comité de Árbitros para que realice a convocatoria correspondente. A solicitude deberá estar acompañada polo regulamento da Competición así como unha

estimación da duración das sesións. Na mesma, indicárase tamén a persoa que exercerá como director da competición.

Deberá indicarse tamén o ámbito do Trofeo co obxecto de asignar o xurado correspondente (local/comarcal ou territorial/nacional). No caso de trofeos de ámbito territorial, polo menos o xuíz árbitro e o xuíz de saídas deberán ser xuíces territoriais. Se a competición é de ámbito nacional ou internacional, o xuíz árbitro e o xuíz de saídas deberán ser xuíces nacionais. En todos os casos, o xurado estará composto conforme o indicado na circular correspondente.

En canto se dispoña das series da competición, estas deberán ser remitidas á FEGAN.

O clube organizador correrá con todos os gastos da organización.

No caso de que a duración das sesións sexa superior ás tres horas, o custo será o dobre do estipulado.

Os clubes que o soliciten poderán facer uso da cronometraxe electrónica da FEGAN aboando as cotas indicadas na circular correspondente. Amais poderán solicitar da FEGAN asistencia para a confección de series e resultados na propia piscina, sendo neste caso a cota a aboar por este concepto de 120 euros, correndo tamén cos gastos de desprazamento e dietas do persoal federativo.

A Coruña, 27 de setembro de 2013

Secretaría Xeral FEGAN

ANEXO I

IMPRESO DE SOLICITUDE DE TOMA DE TEMPOS

Clube solicitante:

Piscina:

Localidade:

Nome da competición:

Data:

Hora comezo:

Programa de probas:

Duración total aproximada :

	25/50 m	100 m	200 m	400 m	800 m	1500 m	Remudas 4x100 m	Remudas 4x200 m
Nº de series aproximado								

Este impreso deberá remitirse á FEGAN 20 días antes da data prevista de celebración da competición. O envío pódese realizar por correo electrónico.

En ningún caso serán aceptadas tomas de tempos con unha duración superior ás 2 horas e media. En caso dunha duración superior inxustificada, o clube deberá aboar á FEGAN una cantidade extra de 150 € (Regulamento Xeral - Libro III, Art 7.I.1 c e Art. 9.III c)